


ESPAZO DIVULGATIVO DE BALEEIRA



A REDE NATURA 2000 NO CONCELLO DE LAXE

Que é a Rede Natura 2000? Natura 2000 é a rede de espazos naturais protexidos a escala da Unión Europea creada en virtude da Directiva 92/43/CEE do Consello, de 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres (Directiva hábitats), con obxecto de salvagardar os espazos naturais máis importantes de Europa. Componse de zonas especiais de conservación (ZEC) declaradas polos Estados membros con arreglo á Directiva sobre hábitats e, ademais, das zonas especiais de protección para as aves (ZEPA) que se designan de acordo coa Directiva Aves (Directiva 79/409/CEE do Consello, de 2 de abril de 1979, relativa á conservación das aves silvestres).



Para que serve a Rede Natura? A Rede Natura permite conservar o patrimonio natural, restaurar espazos, protexer especies, manter e revitalizar actividades agrícolas e gandeiras tradicionais, avanzar en prácticas e modelos máis sostibles en gandería, agricultura, pesca e xestión forestal, fomentar o desenvolvemento, mellorar a calidade de vida das persoas que viven nestes espazos ou fomentar o turismo de natureza.

Como afecta a Rede Natura ao litoral do concello de Laxe? O litoral do concello de Laxe está incluído dentro da Zona de Especial Conservación [ZEC] Costa da Morte (Es1110005), na que se inclúe unha área de protección mariña arredor do Cabo de Laxe. Así mesmo o litoral do noso concello está incluído dentro da Zona Especial de Protección de Aves (ZEPA) Costa da Morte "Norte" (Es0000176), na que destaca a contorna da Lagoa e Dunas de Traba.

Como é a biodiversidade desta franxa costeira? A ZEC "Costa da Morte" ten o valor de ser un refuxio de fauna, en especial de aves migratorias de verán e outono. Dentro da fauna protexida da zona, que tamén está presente no catálogo galego de especies ameazadas atoparemos: a tartaruga mariña común, o corvo mariño cristado, diferentes especies de paíños, o arao común ibérico, a pardela, o arroaz, o mascato atlántico, a toniña común, e moitas especies máis. Atopámonos nun litoral cun gran valor medio ambiental e cunha alta biodiversidade.

NORMAS DE CONDUCTA PARA SALVAGARDAR ESTA CONTORNA PARA AS XERACIÓNS FUTURAS:

1. Respete a Flora e a Fauna: Non se debe danar, recoller nin molestar ás plantas e animais. Mantén unha distancia segura da fauna silvestre e evita alimentalos.
2. Lixo e Residuos: Leva contigo todo o lixo que xeres e tirao nos lugares designados. Se non hai recipientes, lévao contigo de volta.
3. Carreiros e Zonas Designadas: Permanece nos carreiros e áreas designadas para evitar danar a contorna natural. Non entres en áreas restrinxidas ou fóra dos camiños sinalizados.
4. Ruído: Mantén o ruído ao mínimo para non perturbar a vida silvestre nin a outros visitantes.
5. Mascotas: Mantenas sempre con correa e baixo control. Recolle e tira adecuadamente os seus excrementos.
6. Non Extraer Elementos Naturais: Non recollas pedras, cunchas, plantas, nin calquera outro elemento natural. Todo debe quedar no seu lugar para manter o equilibrio do ecosistema. NON LEVES OS VIDROS da praia dos cristais.
7. Educación Ambiental: Aproveita a visita para aprender sobre o lugar e a súa importancia.
8. Seguridade Persoal e da Contorna: Se consciente dos riscos naturais e segue as recomendacións de seguridade. Non poñas en risco a túa vida nin a dos demais. Estás na Costa da Morte, un espazo de vida, na que a natureza pode amosarche a súa cara máis dura. Entre todos poderemos axudar a conservar este espazo costeiro único para que poida ser aproveitado por futuras xeracións e para manter o equilibrio dos ecosistemas. Grazas pola túa colaboración.

A CAZA DA BALEA

A caza da balea, tamén coñecida como a pesca da balea, é a obtención de recursos a partir de grandes cetáceos, principalmente baleas, como a balea franca, o rorcual común, ou a balea azul, entre outras. Historicamente, tivo unha grande importancia económica e cultural en Galicia, con rexistros dende o 3000 a. C. e con factorías baleeiras en moitos lugares da costa galega. En Galicia non contamos con documentos históricos relacionados coa caza de cetáceos até o século XIII, pero é razoable pensar que xa se practicaba varios séculos antes. Da balea como do porco aproveitábase todo: aceite de balea para os candís, carne, as barbas para cepillos ou pezas de vestir de luxo, produtos de farmacia e cosméticos, vigas para as casas... A caza da balea foi un importante recurso para o desenvolvemento socioeconómico da costa de Galicia, facendo nacer portos e localidades costeiras como Burela (Lugo) ou Suevos (Arteixo). Despois de moitos séculos de caza, as baleas comezaron a escasear nos océanos do planeta. O 21 de outubro de 1985 foi o día no que se cazou a derradeira balea en Galicia, xa que España sumouse en 1986 a moratoria pola prohibición da caza comercial da balea, o que significou o final e o esquecemento dunha actividade que fora exercida na costa galega durante séculos. Desde 1986 esta moratoria foi respectada por case tódolos países, agás Xapón e nalgúns momentos Noruega ou Islandia. Distintas entidades científicas destacan agora que o abandono da caza destes cetáceos en 1986 está a permitir a recuperación das especies, algo ao que podemos estar asistindo en directo nos últimos meses en Galicia, pois cada ano son máis os avistamentos deste tipo de animais. Agardamos que nos vindeiros anos a zona de baleeira, tal e como o seu nome indica, volva ser un lugar propicio para avistar cetáceos mariños e baleas.

LA RED NATURA 2000 EN EL AYUNTAMIENTO DE LAXE

¿Qué es la Red Natura 2000? Natura 2000 es la red de espacios naturales protegidos a escala de la Unión Europea creada en virtud de la Directiva 92/43/CEE del Consejo, de 21 de mayo de 1992, relativa a la conservación de los hábitats naturales y de la fauna y flora silvestres (Directiva hábitats), con objeto de salvaguardar los espacios naturales más importantes de Europa. La integran las zonas especiales de conservación (ZEC) declaradas por los Estados miembros con arreglo a la Directiva sobre hábitats y, también, las zonas especiales de protección para las aves (ZEPA) que se designan de acuerdo con la Directiva Aves (Directiva 79/409/CEE del Consejo, de 2 de abril de 1979, relativa a la conservación de las aves silvestres).



¿Para qué sirve la Red Natura? La Red Natura permite conservar el patrimonio natural, restaurar espacios, proteger especies, mantener y revitalizar actividades agrícolas y ganaderas tradicionales, avanzar en prácticas y modelos más sostenibles en ganadería, agricultura, pesca y gestión forestal, fomentar el desarrollo, mejorar la calidad de vida de las personas que viven en estos espacios o fomentar el turismo de naturaleza.

¿Como afecta la Red Natura al litoral del ayuntamiento de Laxe? El litoral del ayuntamiento de Laxe está incluido dentro de la Zona de Especial Conservación [ZEC] Costa da Morte (Es1110005), en la que se incluye un área de protección marina alrededor del Cabo de Laxe. Asimismo, el litoral de nuestro ayuntamiento está incluido dentro de la Zona Especial de Protección de Aves (ZEPA) Costa da Morte "Norte" (Es0000176), en la que destaca el entorno de la Laguna y Dunas de Traba.

¿Como es la biodiversidad de esta franja costera? La ZEC "Costa da Morte" tiene el valor de ser un refugio de fauna, en especial de aves migratorias de verano y otoño. Dentro de la fauna protegida de la zona, que también está presente en el catálogo gallego de especies amenazadas encontraremos: la tortuga marina común, el cormorán moñudo, diferentes especies de paíños, el arao común ibérico, la pardela, el delfín, el alcatraz atlántico, la marsopa común, y muchas especies más. Nos encontramos en un litoral con un gran valor medio ambiental y con una alta biodiversidad.

NORMAS DE CONDUCTA PARA SALVAGUARDAR ESTE ENTORNO PARA LAS GENERACIONES FUTURAS:

1. Respete la Flora y la Fauna: No se debe dañar, recoger ni molestar a las plantas y animales. Mantén una distancia segura de la fauna silvestre y evita alimentarlos.
2. Basura y Residuos: Lleva contigo toda la basura que generes y tírala en los lugares designados. Si no hay recipientes, llévatela contigo de vuelta.
3. Senderos y Zona designadas: Permanece en los senderos y áreas designadas para evitar dañar el entorno natural. No entres en áreas restringidas o fuera de los caminos señalizados.
4. Ruído: Mantén el ruido al mínimo para no perturbar la vida silvestre ni a otros visitantes.
5. Mascotas: Manténlas siempre con correa y a raya. Recoge y tira adecuadamente sus excrementos.
6. No Extraer Elementos Naturales: No recojas piedras, conchas, plantas, ni cualquier otro elemento natural. Todo debe quedar en su lugar para mantener el equilibrio del ecosistema. NO LLEVES LOS VIDRIOS de la playa de los cristales.
7. Educación Ambiental: Aprovecha la visita para aprender sobre el lugar y su importancia.
8. Seguridad Personal y del Entorno: Sé consciente de los riesgos naturales y sigue las recomendaciones de seguridad. No pongas en riesgo tu vida ni la de los demás. Estás en la Costa da Morte, un espacio de vida, en la que la naturaleza puede mostrarte su cara más dura. Entre todos podremos ayudar a conservar este espacio costero único para que pueda ser disfrutado por futuras generaciones y para mantener el equilibrio de los ecosistemas. Gracias por tu colaboración.

LA CAZA DE LA BALLENA

La caza de la ballena, también conocida como la pesca de la ballena, es la obtención de recursos a partir de grandes cetáceos, principalmente ballenas, como la ballena franca, el rorcual común, o la ballena azul, entre otras. Historicamente, tuvo una gran importancia económica y cultural en Galicia, con registros desde el 3000 a.C. y con factorías balleneras en muchos lugares de la costa gallega.

En Galicia no contamos con documentos históricos relacionados con la caza de cetáceos hasta el siglo XIII, pero es razonable pensar que ya se practicaba varios siglos antes. De la ballena como del cerdo se aprovechaba todo: aceite de ballena para los candiles, carne, las barbas para cepillos o piezas de vestir de lujo, productos de farmacia y cosméticos, vigas para las casas...

La caza de la ballena fue un importante recurso para el desarrollo socioeconómico de la costa de Galicia, haciendo nacer puertos y localidades costeras como Burela (Lugo) o Suevos (Arteixo).

Después de muchos siglos de caza, las ballenas comenzaron a escasear en los océanos del planeta. El día 21 de octubre de 1985 fue el día en el que se cazó la última ballena en Galicia, ya que España se sumó en 1986 a la moratoria por la prohibición de la caza comercial de la ballena, lo que significó el final y el olvido de una actividad que había sido ejercida en la costa gallega durante siglos.

Desde 1986, esta moratoria fue respetada por casi todos los países, excepto Japón y en algunos momentos Noruega o Islandia.

Distintas entidades científicas destacan ahora que el abandono de la caza de estos cetáceos en 1986 está permitiendo las recuperaciones de las especies, algo a lo que podemos estar asistiendo en directo en los últimos meses en Galicia, pues cada año son más los avistamientos de este tipo de animales.

Esperamos que, en los próximos años, la zona de Baleeira, tal y como su nombre indica, vuelva a ser un lugar propicio para avistar cetáceos marinos y ballenas.

MAPA REDE NATURA / MAPA RED NATURA



Concello de Laxe



Grupos de Acción Local do sector Pesqueiro Costa da Morte



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR



UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO MARÍTIMO Y DE PESCA (FEMP)

PORTAL "REDE NATURA 2000" CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

